

Suplemento  
realizado  
por ADEGA



Quinta feira,  
29 de xuño  
de 2017  
Número 11

Caderno de  
análise sobre  
ecoloxismo  
e o ambiente  
en Galiza.  
Coordinación:  
Manuel Soto  
Castiñeira

Preocupantes son as cifras que a eucaliptización ten alcanzado na Galiza, xa máis de medio millón de hectáreas, montes, terras de cultivo, ribeiras fluviais, beiras de camiños e casas... o que a Rede Cousa de Raíces quixo comunicar coas plantacións en lugares emblemáticos como a Praza do Obradoiro e a Ferrería. Preocupante é tamén que ADEGA e outros colectivos teñan presentado máis de 300 denuncias e que a administración só conseguira resolver unha de cada cinco, denuncias que demostran o manifesto incumprimento da lei no que atinxe ao eucalipto. Preocupante que ADEGA e a cidadanía teñan que loitar contra a administración para facer cumprir a lei e protexer valores tan significativos como o río Miño en Lugo ou a Cova de Eirós, camiño de resolverse grazas a unha loita sen lugar para o desánimo. Saudamos nestas páxinas estes éxitos e dúas novas iniciativas que veñen reforzar o traballo ecoloxista. >>>>> **2-5 e 8**

## Eucaliptos, patrimonio, ríos... a loita que non cesa



Fotos: Arquivo ADEGA



Un desafío inxente para a Rede do Patrimonio Cultural: o Pedregal de Irimia, nacemento do “pai Miño”, conta cunha pequena escultura de recoñecemento que non tardarán en facer desaparecer as plantacións de eucaliptos que xa ocupan toda a bacía e rodean o Pedregal.

Colaboracións: Fins Eirexas, ADEGA-Lugo, Adela Figueroa, Virxinia Rodríguez, Ramsés Pérez, Francisco Bañobre.

Entrevista a Froilán Pallín, secretario xeral de ADEGA:  
“O patrimonio cultural, recurso estratéxico” >>> 8

# “Cousa de raíces”

## A rede plural que defende o bosque e achega esperanza ao rural galego

A rede “Cousa de Raíces” naceu en 2014 co obxectivo de defender o noso bosque a través do seu coñecemento e posta en valor. Unha mancha de persoas e colectivos xuntámonos para devolverlle ao bosque o valor que ten. Un compromiso que ten que transcender a sociedade.



### Fins Eirexas

Promovida por ADEGA, “Cousa de Raíces” busca amosar as moitas iniciativas que existen no país compatíbeis coa conservación dos nosos bosques e rachar coa lei do silencio decretada pola industria do eucalipto. Integrada hoxe por 63 entidades, promove e coordina actuacións e propostas conxuntas, e serve de caixa de resonancia das iniciativas particulares de cada colectivo, do que é exemplo a publicación das *Experiencias sostíbeis no monte galego*, imprescindible para rachar coa percepción de

### PROPOMOS UN IMPOSTO VERDE AO EUCALIPTO QUE REVERTA NO APOIO Á MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE

que non hai alternativa alén do eucalipto. Mais “Cousa de Raíces” é consciente de que cómpre neutralizar a principal ameaza: a imparábel extensión do eucalipto. Esta árbore ocupa xa na Galiza máis de medio millón de hectáreas, un 17% do noso territorio. Está presente nos nosos montes, mais tamén nas terras de cultivo, nos espazos naturais, enriba dos xacementos arqueolóxicos... Portugal, co 9% do territorio con euca-

liptos fronte ao noso 17%, vén de acordar unha moratoria nas plantacións até 2030, entre outras medidas encamiñadas a resolver unha problemática similar a nosa.

Na Galiza cómpre comezar por cumprir a lei e iniciar un proceso de reversión, con obxectivos, orzamentos e prazos, para eliminar aqueles plantíos ilegais sobre terras agrarias e hábitats de interese e retornalas ao seu estado inicial. Cómpre cumprir a lei no relativo ao *Eucalyptus nitens*,



unha especie catalogada pola Audiencia Nacional e o propio Ministerio como exótica e invasora, cuxo cultivo representa un perigo para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas. Mais para ENCE, o *E. nitens* é a ferramenta para conquistar a Galiza aínda ceibe de eucaliptos. E a pasteira conta co favor da Xunta, que busca facer da biomasa un obxecto de especulación por parte das grandes corporacións, no canto de limitar o aproveitamento

enerxético á biomasa residual e á obtida na prevención do lume e dunha silvicultura de calidade. Que capacidade de manobra terá a veciñanza comuneira e os propietarios forestais cando, como quere ENCE, a metade dos montes galegos estean a producir eucalipto para pasta e a outra metade eucalipto para queimar? Xunto coa reorientación da biomasa e da actual política forestal, lanzamos a idea de establecer un imposto verde ao eucalipto. Unha “ecotaxa” que veña a compensar as perdas causadas polo deterioro dos servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas. Que compense en parte os custos derivados dos incendios, e que permita a creación dun fondo para o fomento das especies autóctonas. Este último obxectivo debe apostar pola multifuncionalidade do monte, mediante primas e incentivos económicos directos que non teñan unicamente un fin produtivo, mais que compense de forma directa o mantemento das nosas carballeiras, soutos, teixedais, bidueirais... Recoñecemos que os bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, aqueles mesmos servizos ecosistémicos que deterioran os monocultivos intensivos.

enerxético á biomasa residual e á obtida na prevención do lume e dunha silvicultura de calidade.

Que capacidade de manobra terá a veciñanza comuneira e os propietarios forestais cando, como quere ENCE, a metade dos montes galegos estean a producir eucalipto para pasta e a outra metade eucalipto para queimar?

Xunto coa reorientación da biomasa e da actual política forestal, lanzamos a idea de establecer un imposto verde ao eucalipto. Unha “ecotaxa” que veña a compensar as perdas causadas polo deterioro dos servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas. Que compense en parte os custos derivados dos incendios, e que permita a creación dun fondo para o fomento das especies autóctonas. Este último obxectivo debe apostar pola multifuncionalidade do monte, mediante primas e incentivos económicos directos que non teñan unicamente un fin produtivo, mais que compense de forma directa o mantemento das nosas carballeiras, soutos, teixedais, bidueirais... Recoñecemos que os bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, aqueles mesmos servizos ecosistémicos que deterioran os monocultivos intensivos.

# A loita contra o dique ilegal no río Miño

Ao longo de ano e medio, Lugo loitou contra construción ilegal dun dique e dunha nova minicentral no leito do río Miño, nun espazo catalogado como Zona de Especial Conservación Parga-Ladra-Támoga e Rede Natura 2000, e núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño. As obras eran parte da rehabilitación e aumento de caudal da Fábrica da Luz de Lugo. Unha intensa loita veciñal e ecoloxista, protagonizada por ADEGA e o movemento “Lugo de cara ao Miño”, que tiveron que atender diversas fronteiras, desde a técnica, a administrativa, a xudicial e tamén a da comunicación social.



## ADEGA Lugo

**O**utono de 2015: ADEGA e outros 15 colectivos ecoloxistas, sociais e políticos crearon a plataforma “Lugo, de cara ao Miño” para estudar o caso e opoñerse conxuntamente a esta agresión ambiental contra o río. En febreiro de 2016, ADEGA presentou alegacións diante da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) poñendo de manifesto as sendas ilegalidades desta obra desenvolvida pola empresa concesionaria INCA e polo propio Concello de Lugo. A CHMS viña de abrir expediente sancionador contra os promotores, pero ao mesmo tempo requiríalles reforzar o dique fronte ás crecidas do río. ADEGA e Lugo de Cara ao Miño instaron á CHMS e ao Ministerio de Medio Ambiente a impoñer as sancións oportunas, exixir a retirada do dique e restituír o espazo afectado ao seu estado natural. O caso é un claro exemplo de que, a pesar das leis, sen vixilancia e mobilización cidadá non hai protección para os recursos ambientais.

Sostiña ADEGA que as obras do dique non pasaron a preceptiva avaliación de impacto ambiental, tal e como obriga a normativa. O dique estaba a

ser construído fóra do emprazamento previsto no proxecto e do período de estiaxe establecido na Declaración de Impacto Ambiental (DIA). Incumpriña tamén as características construtivas establecidas, tais como utilizar rocha limpa que evite o enlameado das augas. Veciñanza e ecoloxistas demostraron que o impacto sobre os hábitats e as especies protexidas da zona non tiña sido adecuadamente avaliado. Tamén as obras carecían da autorización preceptiva, tanto da CHMS como da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O traballo no caso levantou novas deficiencias en toda a tramitación, cando se soubo da posible presenza do mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*), especie protexida que non fora recollida na avaliación de Impacto Ambiental do proxecto que avalara a Xunta de Galicia e aprobara o Ministerio de Medio Ambiente. Unha eiva que se estendía a outras especies protexidas como o nenúfar de río (*Nymphoides peltata*), o fento de río (*Isoetes fluitans*), a lontra (*Lutra lutra*), ou a ameixa de río (*Anodonta cygnea*). ADEGA denunciou este tipo de deficiencias nunha DIA da que depende o estado de conservación dos nosos hábitats protexidos.

Con moito traballo e mobilizacións, ADEGA e a plataforma “Lugo de cara ao Miño” foron obtendo decisións ao seu favor, primeiro da CHMS que atendeu case todas as alegacións presentadas, despois do Ministerio, e finalmente, as xudiciais. Mais non sen sufrir ao longo de todo este tempo as difamacións públicas, acusacións infundadas e demandas por parte da empresa INCA e outros sectores interesados. Se non fose pola tenacidade e a resistencia que a cidadanía de Lugo demostrou a prol da defensa deste espazo natural protexido e do río, a ilegalidade xa estaría consolidada e o dique seguiría ocupando o leito do río Miño.

En novembro de 2016 comezarían as obras de retirada do dique ilegal. O movemento cidadá tería que reclamar aínda do concello de Lugo e da CHMS que os custos e danos causados por este proceder irregular recaían nos verdadeiros responsábeis e non no erario público. O conflito parece encerrar o seu fin cando en maio de 2017 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) lle comunica a ADEGA, representada no caso, o arquivo da causa iniciada pola empresa INCA contra a resolución da CHMS de suspensión cautelar das obras.

**ADEGA e a plataforma “Lugo de cara ao Miño” conseguiron primeiro a paralización das obras e finalmente a retirada do dique e restauración do río. O pasado mes de maio, o TSXG pechou o conflito ao archivar a demanda da empresa construtora. A concesión de augas para o aproveitamento hidroeléctrico da Fábrica da Luz atópase tamén en proceso de extinción.**

# ADEGA consegue que a Xunta declare BIC a Cova de Eirós

Depois duma longa luta de mais de 10 anos, trás movimentar expertos internacionais, paralisar os traballos da cimenteira na boca da Cova, e acudir aos tribunais, a Xunta acorda declarar bem de interesse cultural (BIC) na categoria de Monumento e abre a exposición pública o expediente relativo á Cova Eirós. Xá publicado no DOG, o projeto considera a Cova e todo o seu contorno como objeto de protección: uma zona de total protección nos 200 m arredor da cova e uma zona de amortecimento de largura variável. Um fito a celebrar, mas a luta continua e ADEGA xa apresentou alegacións ao projeto visando a sua melhora.

Adela Figueroa Panisse

**A** Cova Eirós é um lugar excepcional para sabermos mais da nossa historia como espécie, e para conhecer a ocupação da Galiza polos seres humanos.

É a primeira com pinturas rupestres de Galiza. Datadas em mais de 9.000 anos. Também o lugar em que aparecem restos de habitação de Neandertais primigênios, e de Neandertais tardios, podendo especular com a hipótese, de ser um lugar em que se reconhecem restos dos mais antigos habitantes humanos da Europa e dos últimos da espécie europeia, Neandertalenses. Na cova Eirós puderam coexistir as duas espécies de seres humanos que habitaram Europa, o Neandertal e o Cro-magnon, e também Homens Anatomicamente Modernos (HAM).

Gravuras de mais idade que as pinturas, diversos objetos como um adorno de quase 26.000 anos lavrado num pequeno osso de raposo, e múltiplos utensílios de trabalho como machadinhos de quartzo, quartzito ou de sílex foram encontrados no interior da Cova.

Os mais antigos indícios de habitação que se têm encontrado até hoje recuam no tempo até 180.000 anos. Restos duma fogueira situada na entrada da cova. Alguém, dominando o lume, conseguiu acender lá um lar nos tempos em que

**AS PRIMEIRAS PINTURAS RUPESTRES DE GALIZA, GRAVURAS, DIVERSOS OBJETOS E OS ANTIGOS INDÍCIOS DE HABITAÇÃO ACRESCENTAM O VALOR DA COVA DE EIRÓS**

ainda não tinham chegado a Europa os Homens do Cro-magnon nem os HAM.

## O trabalho de ADEGA

ADEGA véu solicitando, em repetidas vezes, perante a Xunta da Galiza que comece a iniciación do expediente de BIC para esta Cova.

A primeira vez no ano 2011 antes que se fizesse pública a existência das pinturas e gravuras, pois nesta cova encontra-se o jazigo de restos de ursos da caverna, (*Ursus Spelaeus*) maior da Europa e o mais ocidental. Existem rabunhaduras de ursinhos nas paredes do fundo da cova. O que nos indica uma ocupação vital

destes. Já só por isso a cova mereceria toda a protección de que os poderes públicos fossem capazes. A estes restos paleontológicos acrescentam-se os achádegos tão importantes de habitação humana que antes referimos. Mostram que Cova Eirós nunca deixou de ser utilizada pelo ser humano. Há restos medievais e ainda do século XX em que parece que foi utilizada como celeiro. Em 2012, ADEGA voltou demandar oficialmente o reconhecimento de BIC para esta Cova agora desde a Lei de Patrimônio que é bem clara neste pormenor. Outras Associações de vizinhança de Triacastela como O Iribio também têm solicitado a declaração de BIC. E outras como o Petón do Lobo pediram informes ao Conselho da Cultura Galega neste mesmo sentido. O

Conselho da Cultura Galega Concluiu solicitando a declaração de BIC para este lugar.

Mas a Xunta nunca nos respondeu. Por isso ADEGA tem interposto contencioso administrativo contra a Xunta por não ter cumprido a lei de Patrimônio da Galiza e de Espanha. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza respondeu-nos favoravelmente. Ao mesmo tempo a Conselheria de Cultura também enviou informe positivo ao TSXG. De maneira que, conseguida a nossa finalidade o tribunal desaconselha continuar com o litigio.

Foi um longo caminho. Persistente e bem assessorado, mercê a equipa de ADEGA que trabalha de maneira voluntária e desinteressada, e á vizinhança que defendeu a Cova e defende o ambiente de Triacastela.



Adela Figueroa Panisse foi presidenta de ADEGA entre 2006 e 2010.

Captura goglemaps actual da Cova Eirós e o seu contorno.

Máis información: A cova de Eirós: o libro da historia mais recuada da Galiza. Sermos-ADEGA nº 7, 15/09/2016. Accessível em <http://www.adega.gal/novas.php?id=516&idioma=gl&sec=116>.

# Custodia fluvial

## ADEGA e a CH Miño-Sil asinaron o primeiro convenio deste tipo na Galiza

A custodia fluvial é unha modalidade de custodia do territorio ligada aos ecosistemas fluviais e acuáticos (ríos, lagoas, zonas húmidas, charcas). Ten a peculiaridade de que actúa sobre zonas que non teñen propietario, senón que son Dominio Público Hidráulico, polo que os acordos de custodia deben asinarse coa administración competente. Este primeiro acordo entre ADEGA e a Confederación Hidrográfica Miño Sil, sen contraprestación económica, ten aplicación no río Tea. Aliás, pódese chegar a acordos coas persoas propietarias dos terreos próximos, aumentando o potencial de protección. Seguindo o camiño inverso, ADEGA xa se asinou un convenio de custodia con veciños do Sobreiral de Arnego, que pronto agardamos poder ampliar ás ribeiras do sobreiral, por acordo coa demarcación competente.

Virxinia Rodríguez, Ramsés Pérez, Francisco Bañobre

O martes 25 de abril de 2017, publicouse no BOE (Resolución do 6 de Abril) o acordo entre a Confederación Hidrolóxica do Miño Sil e ADEGA, para desenvolver actuacións de custodia fluvial no río Tea entre os Pasos de Tatín e Ponte Cernadelas (3Km Lineais). Trátase do primeiro acordo fluvial que se asina na Galiza, de aí a importancia, pois poderá servir de modelo para outras moitas iniciativas a desenvolver no noso país. Na actualidade desde o Proxecto Ríos estase tamén a traballar na sinatura dun acordo con Augas de Galicia, para desenvolver un proxecto similar no río Arnego.

No que respecta ao ámbito deste convenio, ADEGA desenvolve desde o 2007 o Proxecto Tea, no concello de Mondariz, centrado na eliminación de especies invasoras, e desde entón vén traballando na custodia deste territorio, desenvolvendo actuacións de vixilancia e mantemento deste espazo, actividades de mellora do hábitat, seguimento científico e de educación e voluntariado ambiental, polo que a sinatura deste convenio vén a formalizar un traballo iniciado xa hai unha década.

A custodia fluvial é unha modalidade de custodia do territorio ligada aos ecosistemas fluviais e acuáticos (ríos, lagoas, zonas húmidas, charcas). Pode ser pública ou privada, e pode ser xestionada directamente (de forma total ou compartida) por unha soa entidade de custodia, por máis dunha entidade, por un ou máis órganos da administración pública ou, en ocasións, por voluntarios e voluntarias. A custodia fluvial ten a peculiaridade de que a maioría das zonas en que se vai actuar non teñen propietario, senón que son Dominio Público Hidráulico (DPH). Isto implica que pertencen á sociedade no seu conxunto e, polo tanto, non existen



propietarios e propietarias cos que pactar acordos. Sería, pois, a administración competente con quen asinamos os convenios, como así ocorreu coa CH Miño Sil.

Porén, pódese chegar a acordos coas persoas que posúen propiedades nos terreos que están máis aló do DPH e así actuar indirectamente sobre un treito de río. Por exemplo, pódense establecer acordos con veciños para realizar tarefas de eliminación de especies exóticas invasoras, minimizando así a súa chegada ás beiras do río, ou tamén

**TRÁTASE DO PRIMEIRO ACORDO FLUVIAL QUE SE ASINA NA GALIZA E PODERÁ SERVIR DE MODELO PARA OUTRAS MOITAS INICIATIVAS**

facilitar a recuperación do bosque de ribeira para dar conectividade ao río. Igualmente, pódese recuperar un muíño como elemento etnográfico ou refuxio de morcegos. Esta modalidade é a que se está a levar adiante no Sobreiral de Arnego, onde xa se asinou un convenio de custodia cos veciños do lugar para custodiar 20 ha, e na actualidade xa está moi avanzado o convenio coa demarcación competente para desenvolver un proxecto de custodia fluvial nas ribeiras do sobreiral. (LIC Sobreiral Arnego).

Virxinia Rodríguez é presidenta de ADEGA; Ramsés Pérez é coordinador de Educación Ambiental de ADEGA e Francisco Bañobre é coordinador de Grupos do Proxecto Ríos.

**As tarefas prioritarias na custodia do río Tea centráronse na eliminación de especies exóticas invasoras**



### — Volve a planta de biomasa para Curtis

Un proxecto similar coas mesmas características (50MW), localización (Curtis-Teixeiro) e promotores que o de “Renova Generación” suspendido en outubro de 2016 por non acollerse á normativa, retorna da man de “Greenalia S.L.”, una vez que a Xunta modificou a norma. Trátase dun clarísimo exemplo de como unha administración legisla a favor dos intereses empresariais, outra volta o “lobby” pasteiro-enerxético. Se unha instalación non é legal, pois múdase a norma e arranxado!



### — 360 MW máis a GN-Fenosa na reserva da biosfera Gerês-Xurés

O Estado español vén de publicar a declaración de impacto ambiental da central reversíbel en caverna que unirá os encoros de Salas e As Cunchas, na bacía do Limia. Máis dun millón de metros cúbicos de entullos na reserva da Biosfera Gerês-Xurés, a razón de 327 viaxes diarias de camiión; baixadas de caudal; riscos de eutrofización; eliminación física de 153 hectáreas de hábitats protexidos; afección a endemismos e especies en perigo de extinción... Todo para que GN-Fenosa siga espremendo as súas concesións franquistas. Megavatios suxos mentres a cidadanía galega segue a asumir os impactos e a pagar a electricidade máis cara do Estado.

# Actualidade ambiental en imaxes

### — ADEGA, asociación de Utilidade Pública despois de 5 anos de trámites

Este feito reportará vantaxes non só para a nosa entidade (acceso a liñas de axuda e financiamento exclusivas, xustiza gratuita -nalgúns casos-, entre outras) senón tamén para todos os socios e socias, que poderán desgravar unha parte importante das súas cotas na declaración do IRPF. Asemade, as persoas xurídicas que fagan doazóns terán tamén desgravacións fiscais.



### — Descuberta da biodiversidade, recuperación de perfís dunares, inventario de flora...

Estas e outras foron actividades e actuacións realizadas en maio e xuño dentro do proxecto de Microrreservas de flora que está a desenvolver o Concello de Fisterra coa colaboración de ADEGA e do Grupo de plantas vasculares da USC.

### — Exposición itinerante sobre especies invasoras

A Exposición de invasoras de ADEGA, que conta coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, percorreu durante estes meses os concellos de Teo, Lalín, Fisterra e Mos, acompañada da diferentes actividades como charlas sobre as especies invasoras ou roteiros.



ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web ([www.adega.gal](http://www.adega.gal)) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.

**Imaxes:** Biomasa (Ecoportal.net), Franco inaugurando o encoro das Cunchas en 1949 ([galeon.com](http://galeon.com)), cadea humana na Costa da Morte (Xurxo Lobato), descuberta da biodiversidade en Fisterra, exposición especies invasoras no IES de Cacheiras.



### — XXV edición do Curso de formación do Proxecto Ríos

O Curso de formación do Proxecto Ríos celebrou o sábado 6 de maio a súa XXV edición na estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con. Alén de presentar a campaña de primavera e os materiais, Paola Ferreira, compañeira de Proxecto Ríos en Portugal, relatou a situación na que se atopa o proxecto no país veciño. Logo dun xantar comunitario, pasouse á recollida e clasificación de macroinvertebrados, peza fundamental na metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos.



### — Compostaxe caseira

O programa de compostaxe caseira en Cerdedo-Cotobade comezou a segunda fase, que inclúe a mellora da recollida selectiva do lixo. Repartidos 75 novos composteiros, no traballo porta a porta, ADEGA resolve as dúbidas e informa sobre a separación das diferentes fraccións, o uso do punto limpo e o sistema de triturado de poda. Este servizo pon a disposición da veciñanza o estruturante necesario para os seus composteiros.



### — Roteiro o pasado maio

Coñecer de perto o proxecto de vida comunal da veciñanza de Ernes, Vilar e Foxo de Negueira de Muñiz (Lugo) foi o obxectivo dun roteiro organizado por ADEGA-Lugo o pasado mes de maio. No marco do programa de andainas 2016-2017 "Recuperando O Noso", contou coa participación dunhas 60 persoas.



### — Solsticio de verán e feira na Eira da Xoana

O sábado 24 e o domingo 25 a Eira da Xoana non descansou. A celebración do solsticio comezou cun xantar de convivio e continuoulle unha visita guiada para coñecer a Ulloa, sardiñada e actuacións literarias e musicais. A feira comezou na mañá do domingo e contou con palestras e actuacións das corais de Agolada, Lugo e Santiago, Bico da Balouta e Cantareiras.comTIGO, obradoiro de pandeireta e baile tradicional, Fantoche Baj, e o sorteo dun lote de produtos. Neste acto, a Eira da Xoana entregoulle á Mesa pola Normalización lingüística máis de 600 sinaturas para a ILP que reclama os dereitos do galego no ámbito socioeconómico.

# «O patrimonio cultural

é un recurso estratéxico para a sociedade galega contemporánea»

**Froilán Pallín,** secretario xeral de ADEGA, fálanos da Rede do Patrimonio Cultural que vén de crear o tecido asociativo galego. ADEGA estivo presente, xunto a outras 33 entidades, na xuntanza fundacional no museo do Pobo Galego o pasado sábado 3 de xuño. “A cultura é a identidade do noso pobo”, con esta premisa, máis de cincuenta entidades culturais e patrimoniais de toda Galicia deron iniciado este proceso. O obxectivo da Rede será velar pola protección, a divulgación e a defensa do patrimonio cultural do país. Nas vindeiras semanas, as asociacións que referenden os acordos tomados constituirán xa formalmente esta Rede do Patrimonio Cultural.

**Fins Eirexas e Manuel Soto**

**Q**ue motivou constituír esta Rede?

A Rede servirá coma un instrumento de axuda e unha ferramenta de difusión das actividades de todas as asociacións e entidades que participan dela e tamén para promover accións e campañas en defensa do noso patrimonio cultural en ámbitos institucionais, sociais e territoriais. Entendemos o Patrimonio Cultural como un recurso estratéxico para a sociedade galega contemporánea que debe ser conservado e transmitido, nas mellores condicións, ás vindeiras xeracións.

**Cales van a ser os métodos de traballo?**

Poucas campañas mais con obxectivos concretos, mesmo que se poidan dividir en accións e seren avaliados. As campañas, promovidas por unha ou varias entidades da Rede, han de ser avaladas e sometidas a votación interna.

**Que pode achegar ADEGA a esta rede?**

A longa experiencia na defensa do patrimonio tanto natural como cultural, os nosos coñecementos e información en cada caso concreto. Estamos acostumados a traballar en colaboración con outros colectivos e asociacións. A modo de exemplo, Mariña Patrimonio e ADEGA fixemos conxuntamente o último ano 54 denuncias de agresións o patrimonio no norte da provincia de Lugo. Combinar as dúas visións reforzou o alcance das denuncias, que en moitos casos evitaron a destrución de castros, petróglifos ou mámoas. A relación ADEGA e Mariña Patrimonio penso que pode ser un referente para a Rede. O caso da Cova Eirós tamén mostra



que temos experiencia en tratar coa Administración, que somos moi tenaces e non nos rendemos facilmente.

**Cal é a responsabilidade das administracións e das entidades sociais en relación co patrimonio cultural galego?**

Considero que o patrimonio e unha seña identitaria dun pobo, que nin a sociedade nin a administración galegas valoran axeitadamente. A administración galega ten demostrado insensibilidade e ás veces ignorancia. En canto ás entidades sociais, imos ter unha oportunidade de demostrar o noso compromiso co patrimonio. Esta Rede ten que ser un bo instrumento que poña de manifesto a importancia que lle damos.

**Haberá interlocución coas institucións, organismos públicos e organizacións políticas?**

Eu penso que si, pero non aparece como un obxectivo prioritario nin tampouco definido. O propio funcionamento da Rede irá marcando o camiño. Compre superarmos o minifundismo, tamén o asociativo, traballar en conxunto, sen desconfianzas. E o reto de deixar de sermos un asociacionismo reactivo e pasar a sermos proactivos. En ADEGA témolo presente, aínda que non é algo doado.

**Algo máis a salientar?**

Teño que mencionar a Eira da Xoana (en Ramil, A Golada), sede da Fundación Eira de ADEGA, que adquiriu os terreos do castro de Remonde para a súa posta en valor e conservación. O castro está ao carón do Castelo de Pambre, xa no concello de Palas de Rei. Tanto na Eira como no castro podemos ter iniciativas para compartir con toda a Rede. Xa o iremos falando.

**Fins Eirexas,** secretario executivo de ADEGA e **Manuel Soto,** coordinador do SERMOS-ADEGA.